

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 6 DE MAIO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día seis de Maio de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-
Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño, e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 29 de Abril.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don Luís González González, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Muñoz Calero, 45, 1º esquerda, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita na Estrada do Carballiño, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos municipais que di:"Ordenanza aplicable das NN.SS.M.- Ordenanza 4.1 Residencial Cerrada.- Cabe destacar da presente Ordenanza: Residencial; Industrial, compatible con vivenda; Comercial, tódolos graos; Dotacional, primeiro grao.-

Aliñación, a establecida no plano de Aliñación, correspondendo a unha vía de 20 metros, a rasante establecida pola calzada e beirarrúa.- Edificabilidade: altura de cornisa 20 metros, número de plantas seis B+5, fondo de edificación 20 metros. O espazo interior do polígono delimitado trazando paralelas ás aliñacións exteriores á distancia sinalada como fondo de edificación será considerada como patio de mazá e, edificación dunha planta ou cinco metros de altura, este espazo interior ten 50 metros de fondo".

Visto o escrito de Don Enrique Nogueiras Ferradás, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Yáñez, 28, así como tamén resolución da Delegación da Consellería de Cultura ó respecto, sobre derrubamento de edificio na rúa Yáñez, 32, por estar en estado ruinoso e ofrecer perigo para os viandantes e condicións de edificación para novo edificio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos municipais, que di o seguinte: "Aportará proxecto técnico axustado ás condicións que sinala a Comisión de Patrimonio no punto nº 2 e, que son: conservarase a fachada no baixo e primeira planta; non se autoriza o aumento de volume; poderá substituí-la galería e balcón da segunda planta por outros das mesmas características en material e diseño".

Tendo en conta o acordo acadado por este mesmo órgano, na súa sesión ordinaria correspondente ó día 29 de Abril de 1996, que literalmente dicía: "Visto o expediente de Dona Elisa Fidalgo Duran, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Praza Maior, 13, 3º, tendo en conta as deficiencias que actualmente existen na estrutura de madeira do inmovible sito no devandito lugar e, baseándose nun infome técnico que forma parte integrante do devandito expediente, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda que deberá apuntalar adecuadamente a estrutura danada; prorrogarase a licenza do 28-11-92, en todo seu alcance e que complementarase coa do 22 de Xaneiro de 1996; adoptaranse así mesmo, tódalas medidas de seguridade precisas en evitación de danos e prexuízos a terceiros".- Pois ben, sendo consciente de que se cometeu un erro involuntario á hora de transcribi-lo segundo apelido da propietaria do inmovible en cuestión, no día de hoxe rectificase o mesmo, onde di: "Elisa Fidalgo Durán", debe dicir: "Elisa Fidalgo Martínez", co cal, queda subsanado dito erro.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, toma

coñecemento dos seguintes:

Da Farmaceutica titular, resultado das análises mínimas da auga da fonte Igrexa de San Paio.

Da Farmaceutica titular, resultados da análises mínimas da fonte Estrada de San Paio.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa ó quilometraxe presentada por Don José Manuel Deaño Carballal, correspondente ó mes de Marzo de 1996, por importe de 16.632 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Abril de 1996 presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 105.600 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda solicitar do INEM ó amparo do Convenio de colaboración social regulado polo R.D. 1445/82, un traballador para a limpeza de vías públicas ata o 31 de Xullo de 1996.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.